

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 27 de xullo de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2021 e á sesión extraordinaria do 01 de xullo de 2021.
- \* Aprobación das memorias de creación da Facultade de Deseño, da Facultade de Relacións Internacionais e da Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- \* Aprobación das sedes para o Programa Universitario de Maiores (PUM).
- \* Aprobación das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
- \* Aprobación da supresión do apartado d) do artigo 15 do Regulamento de Réxime interno do Consello de Goberno.
- \* Aprobación das solicitudes de inicio de docencia sen presencialidade total cara ao comezo do curso 2021-22.
- \* Aprobación das axudas para a contratación de persoal investigador en formación da Universidade de Vigo para o 2021.
- \* Aprobación da xeración de crédito do Convenio de financiamento de equipamento para adquisición, renovación e mellora de infraestruturas de investigación universitaria e do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acordo coas normas do Orzamento 2021.
- \* Aprobación da adhesión de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Conferencia española de decanos e decanas de Economía e Empresa.
- \* Aprobación do Estatuto do Estudantado Deportista.
- \* Aprobación das modificacións nos modelos de convenios-tipo de prácticas externas.
- \* Aprobación do modelo de convenio de colaboración para desenvolver proxectos de aprendizaxe e servizo.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía e Tradución.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.